

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución de inscripción e publicación da acta da comisión negociadora do convenio colectivo Comercio Vario polo que se dispón a súa ultraactividade

RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN E PUBLICACIÓN DA ACTA DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO COMERCIO VARIO POLO QUE SE DISPÓN A SÚA ULTRAACTIVIDADE

Logo de constituirse a comisión negociadora do convenio colectivo COMERCIO VARIO (código de convenio 15003955012002), apróbase con data 09-01-2018 a acta da comisión negociadora pola que se dispón a ultraactividade do convenio polas partes lexitimadas, e remítese á xefatura territorial de economía, emprego e industria da Coruña para a súa inscripción e posterior publicación.

De acordo co disposto no artigo 90 e concordantes do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE núm 255, do 24 de outubro de 2015) e no artigo 2.1 e concordantes do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, (BOE núm.143, do 12 de xuño de 2012), así coma na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm 222, do 18 de novembro) modificada pola Orde do 14 de marzo (DOG Núm. 60 de 26 de marzo de 2013).

Considerando que a xefatura territorial de economía, emprego e industria da Coruña é competente para resolver a inscripción da acta da comisión negociadora do convenio colectivo COMERCIO VARIO polo que se dispón a súa ultraactividade, e para dispoñer a súa publicación segundo o disposto no artigo 62.2 en consonancia co artigo 35 do Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de economía, emprego e industria (DOG Núm 18, de 25 de xaneiro de 2018).

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. A inscripción da acta do 09-01-2018 da comisión negociadora do convenio colectivo COMERCIO VARIO polo que se dispón a súa ultraactividade, no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A remisión da acta do 09-01-2018 da comisión negociadora do convenio colectivo COMERCIO VARIO polo que se dispón a súa ultraactividade, ó Boletín Oficial da provincia da Coruña para a súa publicación.

A Coruña, 28 de febreiro de 2018

O xefe territorial de economía, emprego e industria

Isidoro Martínez Arca

Acta da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Comercio Vario da Provincia da Coruña

En A Coruña, sendo as 12.00 horas do día nove de xaneiro de dous mil dezaioito, nos locais da CIG, reúnen as persoas sinaladas a continuación ao efecto de proseguir coas negociacións da Mesa negociadora do Convenio Colectivo do Sector de Comercio Vario da Provincia da Coruña:

Parte empresarial:

Marina Graña Bermudez (CEC), en representación da Asociación de Empresarios de Óptica de A Coruña.

Julia Pardo Lale, en representación da Asociación de empresarios de Comercio Textil.

Javier Orduna Monteagudo, en representación da Federación Provincial de Comercio.

Parte Sindical:

Roberto Alonso Iglesias (Asesor CIG)

Juán Zas Candame (asesor CC.OO)

Álvaro Cagigal García (asesor UGT)

Primeiro.- A parte empresarial e a parte sindical lexitimadas para elo, acordan modificar o parágrafo primeiro do artigo 2 do actual convenio colectivo quedando a seguinte redacción:

“Unha vez finalizada a súa vixencia, e en tanto non se negocie un novo convenio colectivo, e indepedentemente da súa denuncia, éste permanecerá ultravixente ata o 30 de xuño de 2019, perdendo a súa vixencia na citada data”.

Segundo.- As partes acordan habilitar a Marina Graña Bermúdez, con D.N.I. 32766000-Q para que realice as xestións oportunas para a publicación do citado acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a xuntanza sendo as 12:00 horas.

2018/1668